



---

Proba de

Código

CSPEA01

# Economía da empresa

---

Economía da empresa



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



## 2. Exercicio

---

### 1. Os impostos progresivos sobre a renda:

---

*Los impuestos progresivos sobre la renta:*

- A** Teñen maior efecto redistributivo que os impostos sobre o consumo.  
*Tienen mayor efecto redistributivo que los impuestos sobre el consumo.*
- B** Non teñen ningún efecto redistributivo, ao gravaren todas as rendas na mesma proporción.  
*No tienen ningún efecto redistributivo, al gravar todas las rentas en la misma proporción.*
- C** Diferéncianse do imposto sobre o patrimonio en que gravan o valor engadido da riqueza.  
*Se diferencian del impuesto sobre el patrimonio en que gravan el valor añadido de la riqueza.*

### 2. O produto nacional:

---

*El producto nacional:*

- A** Só ten en conta o consumo privado nacional realizado nunha economía.  
*Sólo tiene en cuenta el consumo privado nacional realizado en una economía.*
- B** Representa o valor de todos os bens e servizos finais que produciron os residentes nacionais nunha economía.  
*Representa el valor de todos los bienes y servicios finales que han producido los residentes nacionales en una economía.*
- C** Contabiliza o valor dos bens e servizos finais e intermedios producidos nunha economía.  
*Contabiliza el valor de los bienes y servicios finales e intermedios producidos en una economía.*

### 3. O produto interior bruto NON é unha medida perfecta do benestar, porque:

---

*El producto interior bruto NO es una medida perfecta del bienestar, porque:*

- A** Non ten en conta a calidade ambiental.  
*No tiene en cuenta la calidad del medio ambiente.*
- B** Considera moitos produtos que son inútiles.  
*Considera muchos productos que son inútiles.*
- C** É demasiado complexo o seu cálculo.  
*Es demasiado complejo su cálculo.*



**4. Os compoñentes da empresa son:**

---

*Los componentes de la empresa son:*

**A** O grupo humano, a organización, o patrimonio e o contorno.

*El grupo humano, la organización, el patrimonio y el entorno.*

**B** A dirección, os accionistas e os traballadores.

*La dirección, los accionistas y los trabajadores.*

**C** A dirección, os accionistas, os traballadores e os clientes.

*La dirección, los accionistas, los trabajadores y los clientes.*

**5. Unha fábrica de conservas de peixe con trescentos traballadores...**

---

*Una fábrica de conservas de pescado con trescientos trabajadores...*

**A** É de tamaño mediano e pertence ao sector primario.

*Es de tamaño mediano y pertenece al sector primario.*

**B** É de tamaño grande e pertence ao sector secundario.

*Es de tamaño grande y pertenece al sector secundario.*

**C** É de tamaño grande e pertence ao sector terciario.

*Es de tamaño grande y pertenece al sector terciario.*

**6. As externalidades negativas, como a contaminación, prodúcense cando:**

---

*Las externalidades negativas, como la contaminación, se producen cuando:*

**A** Os custos individuais do que contamina son maiores que os custos totais sociais.

*Los costes individuales del que contamina son mayores que los costes totales sociales.*

**B** Os custos individuais do que contamina son menores que os custos sociais.

*Los costes individuales del que contamina son menores que los costes sociales.*

**C** Os custos individuais do que contamina sufragan os custos que xeran ao resto da sociedade.

*Los costes individuales del que contamina sufragan los costes que generan al resto de la sociedad.*



**7.** A estratexia competitiva de diferenciación significa que:

---

*La estrategia competitiva de diferenciación significa que:*

- A** A empresa utiliza diferentes produtos para atraer os mesmos clientes.  
*La empresa utiliza diferentes productos para atraer a los mismos clientes.*
- B** A empresa utiliza os atributos do produto para diferenciarlo dos seus competidores.  
*La empresa utiliza los atributos del producto para diferenciarlo de los de sus competidores.*
- C** A empresa concéntrase nun segmento diferente.  
*La empresa se concentra en un segmento diferente.*

**8.** Unha cooperativa galega de segundo grao indica:

---

*Una cooperativa gallega de segundo grado indica:*

- A** Que varias cooperativas se agrupan formando unha nova.  
*Que varias cooperativas se agrupan formando una nueva.*
- B** Que os seus produtos son exclusivamente galegos.  
*Que sus productos son exclusivamente gallegos.*
- C** Que a actividade que realiza é do sector secundario.  
*Que la actividad que realiza es del sector secundario.*

**9.** A estrutura formal da empresa é:

---

*La estructura formal de la empresa es:*

- A** O conxunto de datos que identifican a empresa, como o enderezo fiscal, o volume de investimentos, o número de empregados, etc.  
*El conjunto de datos que identifican a la empresa, como el domicilio fiscal, el volumen de inversiones, el número de empleados, etc.*
- B** A que xorde espontaneamente como resultado das relacións entre os grupos.  
*La que surge espontáneamente como resultado de las relaciones entre los grupos.*
- C** A que foi planeada e implantada deliberadamente pola dirección da empresa e que se representa nun organigrama.  
*La que ha sido planeada e implantada deliberadamente por la dirección de la empresa y que se representa en un organigrama.*



**10.** O concepto de “calidade total” refírese a:

---

*El concepto de “calidad total” se refiere a:*

- A** O conxunto de características e propiedades do produto.  
*El conjunto de características y propiedades del producto.*
- B** A necesidade de controlar e inspeccionar a totalidade das unidades producidas.  
*La necesidad de controlar e inspeccionar la totalidad de las unidades producidas.*
- C** O compromiso de todos os membros e departamentos co obxectivo da calidade.  
*El compromiso de todos los miembros y departamentos con el objetivo de la calidad.*

**11.** O salario mínimo interprofesional (SMI) referido á xornada legal...

---

*El salario mínimo interprofesional (SMI) referido a la jornada legal...*

- A** É unha contía fixada polas empresas.  
*Es una cuantía fijada por las empresas.*
- B** É unha contía por baixo da cal ningún empresario pode retribuír aos seus traballadores.  
*Es una cuantía por debajo de la cual ningún empresario puede retribuir a sus trabajadores.*
- C** É unha contía fixada semestralmente polo Goberno.  
*Es una cuantía fijada semestralmente por el Gobierno.*

**12.** A produtividade global é:

---

*La productividad global es:*

- A** A relación por cociente entre o número de unidades producidas e o conxunto de factores utilizados nun período de tempo.  
*La relación por cociente entre el número de unidades producidas y el conjunto de factores utilizados en un período de tiempo.*
- B** A relación por cociente entre o valor da produción obtida e o valor dos factores utilizados.  
*La relación por cociente entre el valor de la producción obtenida y el valor de los factores utilizados.*
- C** A relación por cociente entre o valor dos factores utilizados e o valor da produción obtida cos devanditos factores.  
*La relación por cociente entre el valor de los factores utilizados y el valor de la producción obtenida con dichos factores.*



**13.** Co sistema “xusto a tempo” ou “just in time”:

---

*Con el sistema “justo a tiempo” o “just in time”:*

- A** Preténdese reducir os custos de almacenamento.  
*Se pretende reducir los costes de almacenamiento.*
- B** Realízanse os pedidos xusto cando se esperan subidas de prezos.  
*Se realizan los pedidos justo cuando se esperan subidas de precios.*
- C** Mantéñense elevadas existencias para permitir a súa futura utilización.  
*Se mantienen elevadas existencias para permitir su futura utilización.*

**14.** O limiar de rendibilidade:

---

*El umbral de rentabilidad es:*

- A** O punto de corte das curvas de custos variables e de ingresos totais.  
*El punto de corte de las curvas de costes variables y de ingresos totales.*
- B** A cifra de vendas que permite cubrir os custos totais.  
*La cifra de ventas que permite cubrir los costes totales.*
- C** A cifra de vendas a partir da cal os custos son nulos.  
*La cifra de ventas a partir de la cual los costes son nulos.*

**15.** O patrocinio dun equipo ciclista por parte dunha empresa é unha acción de:

---

*El patrocinio de un equipo ciclista por parte de una empresa es una acción de:*

- A** Publicidade.  
*Publicidad.*
- B** Relacións públicas.  
*Relaciones públicas.*
- C** Promoción de vendas.  
*Promoción de ventas.*

**16.** Se o fondo de manobra é negativo, indica que:

---

*Si el fondo de maniobra es negativo, indica que:*

- A** Os fondos propios son inferiores aos fondos alleos.  
*Los fondos propios son inferiores a los fondos ajenos.*
- B** O activo corrente é maior que o pasivo corrente.  
*El activo corriente es mayor que el pasivo corriente.*
- C** O pasivo corrente é maior que o activo corrente.  
*El pasivo corriente es mayor que el activo corriente.*



**17.** O desconto comercial representa un instrumento financeiro a través do cal:

---

*El descuento comercial representa un instrumento financiero a través del cual:*

**A** Un banco adelanta o importe dunha letra, asinada por un cliente da empresa, cun vencemento de futuro, descontando unha comisión.

*Un banco adelanta el importe de una letra, firmada por un cliente de la empresa, con un vencimiento de futuro, descontando una comisión.*

**B** Un banco adelanta o importe dunha factura e a cambio descóntase unha comisión polo risco asumido.

*Un banco adelanta el importe de una factura y a cambio se descuenta una comisión por el riesgo asumido.*

**C** Un banco adelanta o importe dunha factura a cambio dunha participación no beneficio comercial da empresa.

*Un banco adelanta el importe de una factura a cambio de una participación en el beneficio comercial de la empresa.*

**18.** As achegas dos socios ao capital social constitúen unha fonte de financiamento:

---

*Las aportaciones de los socios al capital social constituyen una fuente de financiación:*

**A** Propia e interna.

*Propia y interna.*

**B** Interna e allea.

*Interna y ajena.*

**C** Propia e externa.

*Propia y externa.*

**19.** Nunha empresa cun capital investido de 1.000.000 de euros e uns beneficios de 7.000 euros, a súa rendibilidade é do:

---

*En una empresa con un capital invertido de 1.000.000 de euros y unos beneficios de 7.000 euros, su rentabilidad es del:*

**A** 700 %.

**B** 70 %.

**C** 0,7 %.





**20.** Na valoración de investimentos, o proxecto de investimento que se escolle...

---

*En la valoración de inversiones, el proyecto de inversión que se escoge...*

**A** É o de maior “pay-back,” posto que maior é a súa rendibilidade.

*Es el de mayor “pay-back”, puesto que mayor es su rentabilidad.*

**B** É o de menor TIR (taxa interna de retorno), porque é o que menor custo de capital investido require.

*Es el de menor TIR (tasa interna de retorno), porque es el que menor coste de capital invertido requiere.*

**C** É o de maior VAN (valor actual neto), porque é o que maior ganancia produce para a empresa.

*Es el de mayor VAN (valor actual neto), porque es el que mayor ganancia produce para la empresa.*